

cións das resolucións xudiciais precisarán o seu alcance e causa do divorcio, nulidade ou separación, a boa ou mala fe dos cónxuxes e as determinacións sobre patria potestade e coidado dos fillos», incompatibilidade que se cinxe ás mencións obrigatorias da causa do divorcio ou separación e á boa ou mala fe dos cónxuxes que, desaparecidas da lei civil, deben desaparecer tamén da regulamentación rexistral, en aplicación dos principios de xerarquía normativa e de concordancia do rexistro coa realidade extrarrexistral.

A reforma débese completar, pola mesma motivación antes expresada, coa supresión da referencia que ás causas da separación ou divorcio dun matrimonio se conteñen no artigo 21 do Regulamento do Rexistro Civil ao enumerar os distintos supostos de publicidade restrinxida, sometidas a autorización especial. En correspondencia cos cambios que se introducen neste precepto, modifícase tamén o artigo 22 de Regulamento do Rexistro Civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2007,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do Rexistro Civil, aprobado polo Decreto do 14 de novembro de 1958.*

O Regulamento do Rexistro Civil, aprobado polo Decreto do 14 de novembro de 1958, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícanse os números 1.º e 3.º e engádese un novo número 6.º ao artigo 21 coa seguinte redacción:

«1.º Da filiación adoptiva ou descoñecida ou de circunstancias que descubran tal carácter e do cambio do apelido Expósito ou outros análogos ou inconvenientes.»

«3.º Das causas de privación ou suspensión da patria potestade.»

«6.º Dos cambios de apelido autorizados conforme o previsto na alínea terceira do artigo 208 deste regulamento.»

Dous. Modifícase o número 3.º e engádese un novo número 6.º ao artigo 22 coa seguinte redacción:

«3.º Respecto das causas de privación ou suspensión da patria potestade, o suxeito a esta ou os seus ascendentes ou descendentes ou herdeiros.»

«6.º Respecto dos cambios de apelido autorizados conforme o previsto na alínea terceira do artigo 208, unicamente a persoa inscrita.»

Tres. O artigo 208 queda redactado nos seguintes termos:

«Non será necesario que concorra o primeiro requisito do artigo 205 para cambiar ou modificar un apelido contrario ao decoro ou que ocasione graves inconvenientes ou para evitar a desaparición dun apelido español. Enténdese que un apelido ocasiona graves inconvenientes cando, por calquera razón, leve consigo deshonra.

Cando se dean circunstancias excepcionais, e a pesar de faltaren os requisitos que sinala o citado artigo, poderase acceder ao cambio por real decreto por proposta do Ministerio de Xustiza, con audiencia do Consello de Estado.

En caso de que o solicitante da autorización do cambio dos seus apelidos sexa obxecto de violencia de xénero, poderase acceder ao cambio por orde do ministro de Xustiza. Para iso deberase acreditar que quen alegue ser obxecto de violencia de xénero obtivo

algunha medida cautelar de protección xudicial no citado ámbito. Tamén se poderá acceder ao cambio de apelidos na mesma forma en calquera suposto en que a urxencia da situación así o requira.

A orde ministerial a que se refire o parágrafo anterior non será obxecto de publicación no Boletín Oficial del Estado nin en calquera outro medio.

En todos estes casos a oposición pódese fundar en calquera motivo razoable.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do exercicio das accións que poidan proceder unha vez concedida a autorización do cambio e, en particular, en caso de que se aprecie con posteridade á autorización do cambio a existencia de simulación ou fraude por parte do solicitante.»

Catro. A primeira alínea do artigo 263 do Regulamento do Rexistro Civil queda redactada do seguinte modo:

«As inscricións das resolucións xudiciais precisarán o seu alcance e as determinacións sobre patria potestade e coidado dos fillos.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, prevista polo artigo 149.1.8.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento e execución.*

O ministro de Xustiza poderá ditar cantas disposicións de desenvolvemento sexan necesarias para a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5044 *ORDE PRE/532/2007, do 9 de marzo, pola que se modifica a Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 8, 15, 19 e 23 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro. («BOE» 60, do 10-3-2007.)*

A Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro, establece determinadas limitacións para a subministración e o uso de artificios pirotécnicos, por razóns de idade, en función da clase destes. Estas limitacións están baseadas na transcripción do texto da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello para o establecemento do mercado de artigos pirotécnicos.

Tendo en conta a arraigada tradición do uso de produtos pirotécnicos, en particular nas festividades que se celebran na Comunidade Valenciana e consideradas as solicitudes de Les Corts Valencianes, dos concellos de Valencia, Alacante e Sagunto e de grupos e asociacións do sector interesados para o outorgamento dunha moratoria da referida orde, e dado que esta directiva non foi aínda obxecto de publicación no «Diario Oficial da Unión Europea», é aconsellable diferir até a transposición da directiva en cuestión, a aplicación das limitacións para o uso de produtos pirotécnicos por razóns de idade previstas na Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, dispoño:

Artigo único. *Período transitorio.*

A disposición derradeira única da Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 8, 15, 19 e 23 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, queda redactada da seguinte forma:

«Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no “Boletín Oficial del Estado”, excepto o previsto no novo punto 3.2 da instrución técnica complementaria, número 19, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, que entrará en vigor de conformidade co que establezan as disposicións polas que se traspoña a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello para o establecemento do mercado de artigos pirotécnicos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de marzo de 2007.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

5348 *ORDE EHA/564/2007, do 7 de marzo, pola que se modifica a Orde HAC/2324/2003, do 31 de xullo, pola que se establecen normas detalladas para a aplicación das disposicións referentes á asistencia mutua en materia de recadación. («BOE» 63, do 14-3-2007.)*

O Tratado feito en Luxemburgo o 25 de abril de 2005 determinou o ingreso como membros da Unión Europea da República de Bulgaria e de Romanía.

En aplicación do dito tratado, e en particular do disposto no punto 3 do seu artigo 4, e vista a acta de adhesión, concretamente o seu artigo 56, a Comisión adoptou a Directiva 2006/84/CE, do 23 de outubro de 2006, pola que se adapta a Directiva 2002/94/CE, no ámbito da fiscalidade, a consecuencia da adhesión de Bulgaria e Romanía. A devandita directiva modificou o anexo IV da Directiva 2002/94/CE engadindo unha mención relativa aos novos Estados membros.

Dado que a Directiva 2002/94/CE, da Comisión, do 9 de decembro de 2002, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Orde HAC/2324/2003, do 31 de xullo, pola que se establecen normas detalladas para a aplicación das disposicións referentes á asistencia mutua en materia de recadación, faise necesario modificar a devandita orde ministerial, para incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/84/CE da Comisión, do 23 de outubro de 2006.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde HAC/2324/2003, do 31 de xullo, pola que se establecen normas detalladas para a aplicación das disposicións referentes á asistencia mutua en materia de recadación, en desenvolvemento do Real decreto 704/2002, do 19 de xullo, polo que se incorporan as modificacións de determinadas directivas comunitarias sobre asistencia mutua en materia de recadación, e en cumprimento de determinadas directivas comunitarias sobre asistencia mutua entre os Estados membros da Unión Europea no cobramento de determinadas exaccións, dereitos e outras medidas.*

Modifícase a Orde HAC/2324/2003, do 31 de xullo, nos seguintes termos:

Modifícase o modelo para a comunicación dos Estados membros á Comisión mencionada no artigo 25 da Directiva 76/308/CEE, contido no anexo IV, substituíndo o texto da primeira columna da esquerda baixo o encabezamento Estado membro, polo texto incorporado no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 7 de marzo de 2007.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

ANEXO

Belgique/België.
България.
Ceská Republika.
Danmark.
Deutschland.
Eesti.
Ελλάδα.
España.
France.
Ireland.
Italia.
Κύπρος.
Latvija.
Lietuva.
Luxembourg.
Magyarország.
Malta.
Nederland.
Österreich.
Polska.
Portugal.
România.
Slovenija.
Slovensko.
Suomi/Finland.
Sverige.
United Kingdom.